

FAMIESCOLAS UN ESTUDO DA PARENTALIDADE POSITIVA EN GALICIA

Verónica Sánchez Suárez

Universidade de Vigo



INTRODUCCIÓN

Dende fai uns anos, hai un cambio no rol parental que esixe aos proxenitores un estilo democrático para o que moitas nais e pais non teñen ferramentas.

FAMIESCOLAS

Definición

"Calquera tipo de actividade formativa dirixida aos proxenitores, que proporciona coñecementos, destrezas ou outros recursos para o seu desenvolvemento como pais ou nais mediante programas, conferencias, reunións, cursos e outros elementos análogos"

Susana Torío, 2019.

PROGRAMAS E OBRADOIROS DE PARENTALIDA POSITIVA

Definición


Actuacións que ofrecen formación a todo tipo de familias tanto normalizadas como en risco psicosocial medio ou baixo durante una **frecuencia** prolongada (de catro meses a un curso escolar).

O ideal é que se realice todas as semanas durante dúas horas.

Os **contidos** máis importantes son: características evolutivas; comunicación; resolución de conflitos; manexo do estrés; ocio e tempo libre compartido en familia e amplitude de redes de apoio.

A **metodoloxía** debe ser experiencial baseada no diálogo e a reflexión. A persa **dinamizadora** debe de ser un/unha profesional cualificado/a especialmente formado/a en parentalidade positiva.

OBXECTIVO: Averiguar o tipo de formación parental que se leva a cabo nos centros educativos de Galicia.



NOTA: Este traballo realizouse tanto en centros educativos públicos como privados.

PROCEDEMENTO

- 1 En Galicia hai máis de 1500 centros educativos de infantil, primaria e secundaria. Contactouse telefonicamente con todos eles para preguntarlles se contaban con algún tipo de formación parental. Aos que contestaron que si, volvéuselles a contactar co obxecto de pedirles colaboración (responder a unha enquisa sobre a formación ás familias que se realizaba no seu centro escolar, mediante un formulario Google. Colaboraron no noso estudo aproximadamente un 35%.
- 2 Realizouse unha análise dos seis programas de parentalidade positiva baseados en evidencias científicas máis importantes de España (segundo unha revisión sistemática do ano 2022 sobre programas publicados en revistas científicas durante

PROGRAMAS ANALIZADOS

Programa Guía para el Desarrollo de Competencias Emocionales, Educativas y Parentales (Raquel Amaya Martínez, 2009)
Programa Apoyo Personal y Familiar (María José Rodrigo, 2009)
Programa Construir lo Cotidiano (Susana Torío, 2011)
Programa Vivir la Adolescencia en Familia (María José Rodrigo, 2010=
Programa Crecer Felices en Familia (María José Rodrigo, 2008)
Programa Aprender Juntos, Crecer en Familia (Pere Amorós, 2011)

os anos 2006 y 2019) que serviron de base para este traballo

- 3 Cos datos extraídos realizouse una enquisa de 18 preguntas. Aquí, analizamos as respostas que teñen que ver cos factores esenciais en programas de parentalidade positiva: os relacionados coa frecuencia, a modalidade, o tipo de participación das familias, os contidos e a figura da persoa dinamizadora das sesión.

PREGUNTA: As boas prácticas en parentalidade positiva consolidadas a nivel científico, están sendo aplicadas sobre o terreo?

RESULTADOS

| Aspectos a medir en parentalidade positiva | Resultados | Grado de cumprimento parentalidade positiva |
|--|---|---|
| Frecuencia | Media de 5 sesións ao ano | ✗ |
| Modalidade | 80% charlas con expertos | ✗ |
| Participación dos pais/nais | 80% como "oíntes" | ✗ |
| Contidos | TDAH, altas capacidades e outras necesidades; educación sexual; pautas escolares na casa; pautas de comunicación; resolución de conflitos; desenvolvemento emocional e social; autonomía; autoestima. | ✓ |
| Dinamizador/a | 80% son expertos | ✗ |

OTROS RESULTADOS: Estes centros levan una media de 6 anos realizando formación parental; na maioría, a temática das sesión decídena case sempre institucións externas ao centro; o nivel de asistencia das familias é medio y o nivel socioeconómico da gran maioría é alto, sendo o nivel de satisfacción destas familias tamén alto. A Escola de familias está integrada nalgún dos Plans do centro (Como el Plan Director ou a Programación Xeral Anual); As institucións que máis colaboran coa formación familiar son os Centros de Formación e Recursos; a maioría dos centros suspenderon a formación durante a pandemia da COVID; consideran que esta pandemia trouxo consigo outras necesidades de formación como: "Estrés familiar"; "Convivencia e habilidades sociais"; "Perder medo a socializar e convivir"; "Manexo de novas tecnoloxías e xestión das emocións "Xestión emocional y socio tecnolóxica"; "Apoio psicosocial ao alumnado".

CONCLUSIÓN

- As escolas de familias dos centros educativos galegos fan unha gran labor. Sen embargo, non seguen todos os parámetros recomendados de parentalidade positiva.
- A periodicidade é mensual ou trimestral, cando o ideal son dúas horas, unha vez á semana.
- O contido que se traballa é o axeitado, pero non se pode obviar que son necesarios outros temas como, por exemplo, as fases de desenvolvemento dos menores de idade.
- O contido non deberan decidilo persoas alleas ao centro. Todo o contrario, o programa de intervención debe ser deseñado por especialistas en parentalidade positiva que realicen previamente una correcta valoración de necesidades das familias.
- As sesión non deben ser abordadas con conferencias de expertos externos ao centro que se desenvolven con escasa interacción coas familias. A metodoloxía debe de ser experiencial e participativa onde os pais e nais sexan os verdadeiros protagonistas.
- As cognicións dos proxenitores deben terse en conta para ampliar a súa participación, especialmente a de familias con niveis socioculturais máis baixos.

Preguntas? Contacta con: famiescolas@gmail.com